

1 er. CONGRESO GALEGO DE XESTIÓN DEPORTIVA. ANALISE E PROPOSTAS SOBRE A XESTIÓN PÚBLICA DO DEPORTE GALEGO.

José Ángel Otero Lamas.

Licenciado en Educación Física. (colexiado nº9714).

Xefe de Servizo de Deportes do Concello de Vigo-Director Deportivo IMD.

Membro da Asociación Galega de Xestores do Deporte.

1. - INTRODUCCIÓN:

Como introdución a esta comunicación debemos referirnos de forma inicial a unha serie de observacións reiteradas na última década no ámbito do deporte, co obxectivo de poder formular posteriormente as reflexións sobre propostas en relación á necesidade de liderar un novo horizonte entre as estratexias propias do xestor deportivo, que máis que buscar modelos axeitados para a xestión actual do deporte, deberán de encamiñar un novo liderazgo que consolide unha nova estrutura para a xestión do deporte dende o sector público.

Tamén como primeira apreciación e necesario indicar que na presente exposición se intentarán exponer conceptos e valoracións sobre os aspectos da xestión do deporte, os cales non os debemos confundir con aspectos vinculados a propostas de política deportiva. En moitos casos observamos que no ámbito da xestión do deporte e difícil diferenciar o que deben ser propostas para mellorar a xestión do que realmente son as propostas ou plans de actuación definidos pola política deportiva, pero e moi importante poder diferenciar estes aspectos dunha maneira específica.

Para pode falar hoxe dun analise e propostas sobre a xestión pública do deporte galego debemos em primeiro lugar contextualizar a intención desta charla para o cal referiremosnos inicialmente a conceptos vinculados cunha definición clásica do concepto xestión deportiva, para sobre os mesmos, traballar no análise e tamén sobre as propostas.

Neste sentido, aínda que soe reiterativo é importante recordar referencias tan importantes en relación ao deporte como as seguintes:

- ∂ O deporte consolídase como un dos fenómenos sociais mais importantes da última década.
- ∂ O deporte como fenómeno social e como fórmula para a mellora da calidade de vida dos cidadáns é hoxe en día un feito incuestionable.
- ∂ A evolución que experimentou todo o que rodea ao concepto "deporte" foi consolidando o crecemento de áreas, en principio alleas ao concepto clásico do deporte, onde parece que só había cabida para un único protagonista "o practicante".
- ∂ As novas concepcións, os novos practicantes, as novas motivacións e as novas estruturas organizativas en relación ao deporte, sitúannos nun novo escenario e como tal debe ser analizado.
- ∂ A evolución dos hábitos dunha poboación inmersa en procesos continuos de desenvolvemento e modernización industrial, así os procesos globalizadores, inciden de forma moi determinante nas tendencias do desenvolvemento do ámbito universal "deporte".
- ∂ O deporte, representa para a sociedade actual un excelente instrumento de cohesión social, así como unha actividade que supera o marco estritamente económico.

Estas afirmacións consolidan co inicio do novo século, que o ámbito xenérico "Deporte" é un grande universo que día a día formula a necesidade de ser estudado, coa inquietude de non poder dar respostas que se anticipen no tempo á grande evolución que experimenta. Desta forma e con grandes contradicións, fóronse

xerando outros protagonistas e outros valores, que hoxe definen os aspectos básicos e elementais que deberemos ter en conta para calquera análise sobre o deporte.

O grande cambio que se experimentou en relación aos diversos ámbitos sociais do deporte, desenvolveuse con tal velocidade, que na maioría das situacións, está provocando controversias motivadas pola confluencia de novos aspectos, que se mesturan con valores tradicionais do "deporte".

Paralelamente a este crecemento, as estruturas do deporte vense inmersas nun proceso de comercialización, onde as novas ferramentas aplicadas neste novo proceso, como son a mercadotecnia, a publicidade, as novas tendencias de práctica deportiva xeradas como produtos de venda, están a consolidar un novo movemento deportivo no inicio deste novo milenio enmarcando ao deporte como un valor de consumo.

Nestes últimos anos a evolución do deporte marca novos límites en todos os seus ámbitos; a nivel profesional cada ano bátense marcas nos custos das fichaxes de xogadores; a nivel comercial fálase dun novo sector económico do cal podemos destacar: as novas grandes superficies comerciais destinadas á práctica deportiva, o turismo activo fundamentado en prácticas deportivas na natureza (o mar, a montaña, o golf, etc.), as novas prácticas deportivas (deportes de aventura, risco, etc.) a moda deportiva, etc. Todos estes, son factores que hoxe en día marcan unha nova pauta nos diversos ámbitos do fenómeno social denominado xenericamente "deporte".

2. - A NECESIDADE DE XESTIONAR NO DEPORTE.

2.1- Tendencias desenvolvidas no ámbito da xestión pública do deporte en Galicia:

Ao longo destes últimos anos experimentouse un gran cambio no debate de xestión deportiva, e hoxe en día o fundamento da discusión parece centrarse en poder achegarnos a modelos, non só renovadores como resposta á necesidades, senón tamén, cara a modelos que deben de vincularse cara a algo máis que as estruturas de xestión.

De forma xenérica na última década traballouse en relación á necesidade de espremer o significado da xestión deportiva, e así todo camiñou en relación de responder a un conxunto de actuacións que se ve implicada nunha definición teórica da Xestión no deporte, da cal podemos referirnos como "o conxunto de actividades que levan a definir a organización deportiva, a planificación das actividades a desenvolver, a súa posta en práctica e o control subseguinte; todo iso enmarcado no contexto da existencia dunhas necesidades deportivas cidadás, reais ou potenciais e a súa satisfacción do xeito máis racional posible en canto a rendementos sociais, deportivos e económicos".

En relación a estes aspectos do camiño da xestión deportiva, debemos manifestar de forma contundente que na última década foron enormes os esforzos realizados por todos os axentes implicados no deporte, sobre todo na necesidade de formación continua deste sector. Dende esta demanda desenvolveuse a totalidade das áreas de formación; recursos humanos, planificación estratéxica, análise de custos e control do gasto, infraestruturas deportivas, novas tecnoloxías, modelos de xestión, sistemas de contratación, mercadotecnia, patrocinio, a calidade nos sistemas deportivos, etc., e neste sentido, de forma xenérica as pautas marcadas para a estruturación básica de calquera estrutura de xestión atópanse moi desenvolvidas.

Neste proceso de evolución, as estruturas xestoras do deporte responderon de forma moi marcada a un proceso inevitable de comercialización do deporte,



establecéndose hoxe en día, interrogantes moi importantes en relación a futuro, xa que as expectativas que se destacan dende as áreas do coñecemento parecen diverxentes.

En relación ao tema, poderemos realizar unha primeira avaliación dicindo que as fórmulas ou os modos de xestión empregados para o desenvolvemento das competencias da administración pública en Galicia no ámbito deportivo, foron e son moi diversas. Nalgúns casos os criterios foron xeralmente adecuados, aínda que quizais a súa aplicación non fose acertada. En todos os casos, nos atopámonos con erros imputables á gran velocidade coa que se produciron os cambios estruturais no ámbito deportivo do sector público.

Neste ámbito é importante ter en conta certas peculiaridades que enmarcan o desenvolvemento das estruturas de xestión en Galicia e dunha maneira específica e importante ter en conta:

a.- Aspectos demográficos:

- Unha pirámide de poboación cunha estrutura demográfica moi madura.
- Un forte desequilibrio territorial, no aspecto demográfico, especialmente entre a franxa costeira e o interior e unha importante dispersión xeográfica.



b.- Crecimento da infraestrutura deportiva; unha necesidade primordial a construción de espazos deportivos.

- No ano 1975 había en Galicia 1.040 instalacións públicas censadas, no ano 2005, estaban en funcionamento 5.216 instalacións deportivas, públicas e privadas. ¹




Gráfico 2.1. Número de instalaciones deportivas por provincias y su evolución en Galicia, durante el período 1976-2005.
 Gráfico 2.1. Número de instalacións deportivas por provincias e a súa evolución en Galicia, durante o período 1976-2005.

¹ CSD “Censo de Instalaciones deportivas de la Comunidad Autonoma de Galicia”. 2005




Gráfico 2.4. Entidades propietarias de instalaciones deportivas en Galicia.
Gráfico 2.4. Entidades propietarias de instalacións deportivas en Galicia.

c.- Un crecimiento importante do tecido asociativo en Galicia.

- o No ano 1990 o número de entidades deportivas estaba em torno as 2.300 e no ano 2005 este número ascende a 6.400 entidades.

d.- Estabilidade nos porcentaxes de vinculación da sociedade a actividade deportiva en Galicia. ²

Distribución de la práctica deportiva según Comunidades Autónomas

Comunidad Autónoma	Practica uno o varios deportes		No practica ningún deporte	
	2005	2000	2005	2000
Navarra	45	46	55	54
Madrid	43	45	57	55
Cataluña	43	44	57	56
Rioja	40	40	60	60
País Vasco	39	43	61	57
Asturias	38	43	62	57
Comunidad Valenciana	37	39	63	61
Baleares	37	36	63	64
Aragón	36	33	64	67
Canarias	35	36	65	64
Castilla-León	34	40	66	60
Murcia	34	36	66	64
Galicia	33	33	67	67
Andalucía	33	29	67	71
Cantabria	33	36	67	64
Castilla-La Mancha	30	27	70	73
Extremadura	29	26	71	74
Ceuta	41	--	59	--
Melilla	53	--	45	--
Total nacional	37	37	63	63

² Garcia Ferrando, Manuel “Encuesta sobre habitos deportivos de los Españoles”. CIS. 2005

Paralelamente o crecemento do sistema deportivo Galego, na década dos 90 plantease a necesidade de definir cales son os modelos de xestión mais adecuados para o desenvolvemento da estrutura deportiva pública, e neste sentido parece superado o concepto de presentar modelos ideais de actuación universais e é evidente que non existen receitas máxicas á hora de xestionar os servizos públicos, entre eles os deportivos.

Partimos da base de que todas as fórmulas de xestión en principio son igualmente válidas, cada unha delas ten vantaxes e inconvenientes polo que a elección dalgunha delas terá que realizarse de acordo ao estudo e análise de cada situación concreta, do sistema deportivo en cuestión e dos obxectivos que pretendamos lograr.

Por outro lado é preciso mencionar que a elección dun sistema de xestión sitúanos forzosamente nun escenario máis amplo e que non é outro que o debate en relación do público e o seu papel na sociedade.

Este debate está motivado de forma xenérica en polas seguintes razóns:

- A incapacidade das Facendas Públicas, as locais entre elas, para atender os crecentes gastos que carrega a aplicación de políticas públicas, entre elas as de materia deportiva.
- A demanda dos cidadáns de calidade na xestión e de austeridade no gasto público.
- Limitación dos recursos dispoñibles (económicos, humanos e materiais).

Todo iso desembocou en:

1. Diversificación progresiva de servizos e bens públicos.

2. Modernización e xestión do cambio na administración coa aplicación de novas técnicas de xestión con especial incidencia en:
 - Xestión de RR.HH.
 - Cambio na cultura organizativa:
 - descentralización,
 - dirección por obxectivos,
 - control de xestión,
 - avaliación dos programas,
 - Sistemas de información.
 - Consideración do cidadán como cliente.
- 3 Preocupación do sector público pola calidade do servizo.
- 4 Crecente "prestación" privada de servizos públicos non privativos do sector público.
- 5 Maior profesionalización da administración.
- 6 Colaboración pragmática do sector público e o sector privado.

Como podemos apreciar, estes contidos atopanse inmersos na actualidade, nunha verdadeira encrucillada, tanto si se observan dende a perspectiva estritamente política (debate público/privado), coma si se fai dende a económica (rendibilidade/beneficio) ou mesmo dende a socio laboral (produtividade /eficacia/ emprego) e o mesmo sucede dende o punto de vista legal.

En relación aos criterios expostos, podemos resumir que os aspectos básicos que son tidos en conta á hora de definir e estruturar a forma de xestión a adoptar, sempre se fundamentan nos seguintes aspectos:

- a) A elección da estrutura organizativa, entre a centralización e a descentralización funcional; maior ou menor dependencia do órgano xestor con respecto aos servizos centrais; estrutura interna do órgano xestor, primando os aspectos presidenciais ou colexiados deste, etc...

- b) Mecanismos de financiamento: por un lado financiamento do investimento inicial do establecemento; por outro lado, financiamento da explotación e xestión ordinaria do servizo.
- c) Réxime xurídico da actividade do servizo: o servizo público ten un regulamento que sempre é de dereito administrativo, pero na actuación diaria do ente xestor este pode acollerse case totalmente á axilidade do dereito privado, dependendo da forma concreta de xestión que se adopte.

2.2- Valoracións estratéxicas en relación ás estruturas de xestión do Deporte na administración pública Galega.

De cara a iniciar o desenvolvemento de propostas en relación á necesidade de emprender no desenvolvemento da xestión pública do deporte, é importante sinalar aspectos estratéxicos da realidade actual, baseándose na definición de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades no ámbito actual da xestión deportiva en Galicia.

2.2.1. - DEBILIDADES:

Neste ámbito, centrarémonos principalmente en destacar que os aspectos básicos do deporte, baseados no desenvolvemento social e cultural non están consolidados. Os ámbitos de vinculación do deporte na sociedade española non superan os valores mercantís do deporte como consumo. Na última década debilitáronse as actuacións educativas na sociedade do deporte.

Dentro destes aspectos é importante destacar a gran diferenza existente nas estruturas de xestión das diversas administracións galegas, en ningún caso nos atopamos con exemplos identificadores dun modelo, fundamentalmente todo depende da vontade política cun carácter temporal.

2.2.2. - AMEAZAS

Os principios da xestión deportiva, camiñan marcados polo peso do deporte como consumo, dentro dun proceso inevitable de comercialización, establecendo xa hoxe en día interrogantes que enmarcan un dos debates máis importantes en relación ao futuro do deporte, como é a "coordinación do público e o privado" dentro dun contexto de discusión dende o enfrontamento, o cal está a dificultar o desenvolvemento deste sector.

Dentro deste posicionamento atopámonos que as actuais estruturas organizativas do deporte responden a unha gran diversidade de intereses e niveis de organización, provocando en moitos casos un sistema piramidal invertido.

2.2.3-. FORTALEZAS

O gran valor social do deporte. Hoxe en día debemos afirmar con rotundidade que o "deporte" na súa máis ampla expresión convértese nun dos valores sociais con mais transversalidade no desenvolvemento da sociedade actual.

2.2.4. - OPORTUNIDADES.

O desenvolvemento social, económico e político das estruturas vinculadas hoxe en día co deporte teñen moita xuventude, polo cal estamos a ser testemuñas do inicio de actuacións de gran importancia para a consolidación futura deste sector.

Os novos aspectos legislativos vinculados coa educación, os posicionamentos claramente definidos por outras áreas sociais como a sanitaria cara á necesidade dunha sociedade saudable, así como as declaracións de institucións internacionais cara aos valores do deporte na súa vertente social, son sen ningunha dúbida as grandes oportunidades que se definen actualmente para o desenvolvemento deste sector.

En relación a estos criterios podemos resaltar os seguintes aspectos:

- ∂ Os entes xestores habituais no ámbito do sistema deportivo demandan unha reorientación dos seus obxectivos, de cara a consolidarse como líderes dun sector deportivo universal.
- ∂ O ámbito de actuación en relación aos recursos dispoñibles está saturado, non é posible abranguer o universo de actuación que demanda o novo escenario do deporte dende as estruturas actuais.
- ∂ O futuro das pautas da xestión do deporte demanda un novo marco de actuación, un novo nivel que implique unha actuación transversal do deporte.

2.3. - O novo escenario para a xestión pública do deporte e a actividade física na sociedade galega.

Nos últimos anos todos somos testemuñas de dous aspectos claves nas orientacións que se definen de forma paralela ao desenvolvemento social;

- ∂ Por un lado, as orientacións dende o espazo europeo en relación ao ámbito universal do deporte, dirixidas á busca dun equilibrio que posibilite unha continuidade sostible da sociedade.
- ∂ Por outro lado, a lectura analítica das ameazas obvias dunha sociedade orientada cara ao consumo, cara aos hábitos definidos por un ámbito cada vez máis urbanizado e industrializado ou cara ás grandezas ou desgrazas dun desenvolvemento globalizado.

O novo escenario do ámbito **UNIVERSAL DO DEPORTE E A ACTIVIDADE FÍSICA**, define a este sector no inicio do século XXI, como un dos máis importantes en relación ao INTERESE PÚBLICO *deste na sociedade. Esta situación*

demanda da administración, a execución de proxectos cun valor de transversalidade moi importante, xa que segundo a directrices europeas, o deporte na súa máis ampla expresión ten que consolidarse como un servizo de interese público xa que a actividade física e deportiva afecta a dereitos fundamentais da sociedade como son a saúde, o benestar social e a calidade de vida, o ensino, a dignidade humana e o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade, e polo tanto teñen que considerarse razóns de interese público que aconsella a consolidación de novos valores en deporte.

3. - INDICADORES DE REFERENCIA EN RELACIÓN Á NECESIDADE DE CONSOLIDAR O VALOR SOCIAL DO DEPORTE:

3.1. - En contraposición ás pautas teóricas na última década, a evolución do deporte enmárcase nunha importante debilidade dos valores educativos.

Referencias para a análise: De forma xeral este posicionamento esta avalado nos seguintes textos:

- a) O Manifesto Mundial da Educación Física (FIEP -2000), recolle entre outros aspectos os seguintes contidos:

Que a Educación Física é a única disciplina na escola que actúa directamente co físico, movementos, xogos e deporte, ofrecendo oportunidades aos nenos e adolescentes para adquirir competencias de movementos, identidades, desenvolver coñecementos e percepcións necesarias para un compromiso independente e crítico na cultura física, e por isto debe ter o mínimo de 2-3 horas por semana e as clases deben integrar un currículo lonxitudinal e ser dirixidas por profesores de Educación Física preparados para esta función.

A Educación Física, para que exerza a súa función de Educación para a Saúde e poida actuar preventivamente na redución de enfermidades relacionadas coa obesidade, as enfermidades cardíacas, a hipertensión, algunhas formas de cancro e depresións, contribuíndo á calidade de vida dos seus beneficiarios, debe desenvolver hábitos nas persoas de práctica regular de actividades físicas.

En torno a este aspecto inicial, hoxe en día fórmulanse bastantes discrepancias, e así en contradición cos aspectos definidos anteriormente, atopamos que a actual situación da área de formación de "Educación Física" é fiel reflexo do grave erro cometido na valoración que debe ter a "Educación Física" no proceso de reforma iniciado neste país sobre o sistema educativo.

Estes criterios deben ser debatidos con maior rigor, e neste sentido, é necesario xerar novos valores de opinión en relación a estes, xa que dende o ámbito profesional da EDUCACIÓN FÍSICA, consolidase a opinión de que o camiño recorrido pode ter graves consecuencias no proceso educativo da persoa e en consecuencia da sociedade.

3.2. - Necesidade de comunicación e consolidación do valor social do deporte:

Dentro deste apartado, centraremos a nosa reflexión en relación ao posicionamento claro do deporte en relación ao espazo Europeo e como primeiro punto de referencia deberemos recordar:

- a) CARTA EUROPEA DO DEPORTE. RODAS, 13-15 DE MAIO DE 1992 (Sétima Conferencia de Ministros Europeos responsables do deporte).

Art.2º Definición e campo de aplicación da Carta-1. a) Enténdese por «deporte» calquera forma de actividade física que, a través de participación organizada ou non, ten por obxecto a expresión ou melloría da condición física e psíquica, o desenvolvemento das relacións sociais ou a obtención de resultados en competición a todos os niveis.

- b) Na VIII Conferencia de Ministros Europeos responsables do deporte (17 e 18 de maio de 1995) declaran sobre a función do deporte entre outras cuestións: É un aliado de pleno dereito na sociedade e debe ser considerado, polo tanto, un elemento esencial en elaboración de políticas, especialmente nos ámbitos social, económico e da saúde.
- c) Dende este entón, a liña de conduta seguida pola Comisión Europea en materia de deporte establécese claramente no Informe de Helsinki, dirixido ao Consello Europeo en 1999, o cal, foi ratificado polo Consello na Declaración de Niza un ano despois.

O Consello recoñeceu que o deporte europeo, por moi diversificado que sexa, posúe características comúns que convén protexer de posibles desvíos de carácter comercial. O deporte representa para a sociedade europea un excelente instrumento de cohesión social, así como unha actividade que supera o marco estritamente económico, xa que, se ben debe estar en condicións de asimilar o novo marco comercial, non pode perder por iso nin a súa identidade nin a súa autonomía, que destacan as funcións que cumpre nos ámbitos social, cultural, sanitario e educativo.

- d) Posteriormente a declaración sobre o deporte que se adoptou en Niza en decembro de 2000, é a resposta do Consello Europeo ao informe presentado pola Comisión en Helsinki en decembro de 1999, facendo un chamamento ás institucións comunitarias para que teñan debidamente en conta os valores educativos do deporte nas súas accións e pide que as dimensións social e cultural de deporte se destaquen de forma máis notoria nas políticas nacionais e comunitarias.
- e) Estes aspectos tiveron un detonante moi importante dende o punto de vista da tendencia na Política Europea baseándose en a (Decisión nº291/2003/CE

do Parlamento Europeo e do Consello do 6 de febreiro do 2003), pola cal se decide o 2004 como o Ano Europeo de Educación a través de Deporte.

Con esta decisión destápanse definitivamente os principais valores do deporte nunha sociedade anónima que demanda no seu máis amplo sentido que o Deporte a consolidado como un valor cultural

De forma específica, debemos referirnos á grande importancia que ten esta decisión para todas aquelas institucións, entidades públicas e privadas e persoas que traballan profesionalmente en calquera faceta do ámbito deportivo. Os obxectivos marcados polo Parlamento Europeo e os contidos da proposta realizada, teñen un gran significado para tantas e tantas persoas que traballan neste sector, que hoxe en día ven referendado o seu traballo, moitas veces con grande carga vocacional, nesta decisión Europea.

Neste contexto, quedan claramente definidos os obxectivos do Ano Europeo da Educación polos Deportes dos cales debemos destacar:

- sensibilizar á sociedade europea acerca dos valores tradicionais, a función actual e o valor educativo do deporte;
- incitar as organizacións educativas e deportivas a establecer e desenvolver vínculos asociativos firmes e obxectivos comúns;
- aproveitar o potencial educativo da dinámica que xera o movemento deportivo organizado, en particular no que respecta ao voluntariado, a mobilidade e os intercambios, e fomentar o acceso e a integración progresivos nun ámbito multicultural onde non teñan cabida as discriminacións sociais ou de calquera outro tipo;
- sensibilizar a comunidade docente acerca da necesidade actual de loitar contra os hábitos sedentarios, fomentando as actividades deportivas nos colexios;

- o finalmente, tomar en consideración e destacar os problemas vinculados coa educación dos novos deportistas que comezan a súa carreira deportiva cada vez con maior precocidade.

Analizando estes aspectos, todas as institucións, entidades e profesionais do deporte debemos de aproveitar estas accións para xerar un novo valor de opinión na sociedade actual en relación a dous conceptos moi importantes:

Recoñecer e demostrar que a actividade deportiva na súa máis ampla expresión determina de modo esencial a calidade de vida do individuo e da colectividade, ao tempo que crea as condicións para asegurar unha vida máis lonxeva e activa.

Recoñecer e demostrar que a actividade vinculada ao Deporte non depende forzosamente da realización de obxectivos cuantitativos cada vez maiores, de ser o mellor, senón que depende dunha actividade continua e equilibrada, individual e/ou colectiva, baixo a tutela dun profesional cualificado, co fin de adquirir formación e cultura.

3.3. - Ámbito de transvesalidade do deporte na sociedade:

Un dos principais valores que definirán o futuro deste sector queda contemplado dentro dos aspectos de oportunidade deste sector para a súa consolidación, dos cales creo que hoxe en día os valores de transversalidade no ámbito de actuación do deporte será determinante.

De cara ao desenvolvemento deste aspecto de TRANVERSALIDADE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN NO DEPORTE, debemos iniciar tamén esta exposición facendo referencia ao posicionamento do espazo europeo, o cal desenvolve as seguintes pautas:

- a) Recordando o exposto anteriormente, o Consello de Europa despois da declaración de Niza, recoñece que o deporte, representa para a sociedade europea un excelente instrumento de cohesión social, así como unha actividade que supera o marco estritamente económico, xa que, se ben debe estar en condicións de asimilar o novo marco comercial, non pode perder por iso nin a súa identidade nin a súa autonomía, que destacan as funcións que cumpre nos ámbitos social, cultural, sanitario e educativo.
- b) Baseándose nestas liñas de actuación é necesario poder destacar as Conclusións da Conferencia Ministerial "A Unión Europea e o Deporte: Expectativas complementarias"

A Conferencia Ministerial "A Unión Europea e o Deporte: Expectativas complementarias" foi organizada pola Comisión Europea en cooperación coa Presidencia finlandesa da Unión Europea, en Bruxelas, os días 27 e 28 de Novembro de 2006 e debemos de sinalar os seguintes aspectos estratéxicos por parte dos Ministros de Deportes da Unión Europea:

1. Resaltouse a importancia do deporte, recollida na Declaración 2000 sobre as Características Especiais do Deporte e a súa Función Social en Europa (Declaración de Niza).
2. Foi unanimemente ben recibida a intención de crear por parte da Comisión unha iniciativa política sobre o papel do deporte en Europa, que podería tomar a forma de Libro Branco, como resposta ao desexo dos Ministros de Deportes de conceder ao deporte un papel máis marcado nas políticas europeas e nacionais.
3. Foi resaltada con interese a intención que ten o Libro Branco, non soamente de potenciar o valor intrínseco do deporte, senón tamén as dimensións sociais e económicas do deporte, así como de promover os seus trazos específicos organizativos a través de Europa.

3.4. – HÁBITOS POUCO SAUDABLES DA POBOACIÓN.

"Os cidadáns da Unión Europea móvense demasiado pouco e consumen demasiado: demasiada enerxía, demasiadas calorías e demasiada graxa, azucre e sal. A principal consecuencia é un incremento constante e rápido do sobrepeso e a obesidade en toda a UE, e este incremento é especialmente grave en nenos e adolescentes".

Esta tendencia está a afectar negativamente á saúde e reducindo a esperanza de vida. O custo humano é inaceptable, e o custo presupostario e económico tamén é elevado". (ALIMENTACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE -UNHA PLATAFORMA EUROPEA DE ACCIÓN).

As causas desta enfermidade social, como se cataloga a progresiva deterioración e involución do "corpo" son múltiples e non hai solucións sinxelas. Existe unha Rede de expertos sobre a nutrición e a actividade física que aconsella a Comisión Europea do Deporte, á elaboración dunha estratexia ampla co fin de apoiar as medidas nacionais e locais para facer fronte a este desafío tan importante para o futuro da sociedade. O problema xa é o suficientemente grave que debe provocar unha sensibilización especial de cara a conseguir liderar de forma conxunta a adopción de medidas extraordinarias e decididas que poidan axudar a conter ou inverter as tendencias actuais.

Os ámbitos de actuación deberán referirse a procesos transversais que garantan:

- un novo ámbito de opinión.
- un novo ámbito de educación.
- un novo ámbito de vinculación universal á actividade física.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), a obesidade e o sobrepeso alcanzaron caracteres de epidemia a nivel mundial. Máis de mil millóns de persoas adultas teñen sobrepeso e, delas, polo menos 300 millóns son obesas.

Dos dez factores de risco identificados pola OMS como claves para o desenvolvemento das enfermidades crónicas, cinco están estreitamente relacionados coa alimentación e o exercicio físico. Ademais da xa mencionada obesidade, cítanse o sedentarismo, hipertensión arterial, hipercolesterolemia e consumo insuficiente de froitas e verduras.

Como pode verse, a alimentación pouco saudable e non practicar actividade física con regularidade son as principais causas das enfermidades crónicas máis importantes, e ambas as dúas son susceptibles de modificarse.

5. - CONCLUSIÓNS EN RELACIÓN Á NECESIDADE DUN NOVO LIDERAZGO DE ACTUACIÓN NA XESTIÓN PÚBLICA DO DEPORTE.

- ∂ Os temas expostos non son máis que meros exemplos dunha situación real que demanda unha actuación universal no relación ao valor transversal do deporte na sociedade.
- ∂ Os extremos expostos alertan da existencia real dun problema que xa é o suficientemente grave e que debe provocar unha sensibilización especial de cara a conseguir liderar de forma conxunta e transversal, a adopción de medidas extraordinarias e decididas que poidan axudar a conter ou inverter as tendencias actuais.
- ∂ Atopámonos ante un desafío importante para o futuro dunha sociedade que actualmente se move na fase de inflexión negativa na evolución da principal engrenaxe que é o corpo humano.

Neste sentido somos testemuñas dunha continua evolución en aspectos tecnolóxicos, industriais ou urbanizadores, que modificaron as condicións de vida da

persoa contraponendo a tendencia de hábitos sedentarios á continua evolución do ser humano.

É pois o momento de liderar a necesidade de actuación e reflexión cara a pautas que xeren a necesidade de toma de decisións universais, e neste sentido, sen a intención de xerar comparacións contraproducentes ou negativas, un inicio na tendencia da diminución da esperanza de vida do ser humano, provocado pola consolidación de hábitos non saudables, pode chegar a compararse ao fenómeno do "cambio climático". Neste caso, o cambio climático global é un feito aceptado e por iso os Gobernos a nivel mundial, reaccionaron ante esta ameaza cada vez máis próxima, cunha gran preocupación; non poderá esperar a que os efectos se fagan notorios e claros, pois seguramente nese momento xa será moi tarde para actuar e buscar solucións.

Atendendo ao símil exposto, e co obxectivo posto na necesidade de tomar medidas urxentes, é necesario liderar un cambio conceptual en relación á actividade física e ao deporte. Hoxe en día deberemos de traballar máis que na busca dun modelo de xestión, deberemos liderar unha nova tendencia de actuación co obxectivo de que a actividade física e o deporte sexa un pilar fundamental na actuación política dun goberno, baseado nos seguintes aspectos:

PAUTAS DUNHA NOVA ESTRUTURA PARA XESTIONAR:

En relación ao concepto e valor da actividade física e o deporte:

a. - O interese social e público da actividade física e o deporte fundaméntase nos beneficios que reportan na saúde, a educación, a economía e aos seus diferentes aspectos éticos e sociais que evidencian e demostran que a actividade física e deporte debe ser guiada, deseñada, planificada, desenvolvida, organizada e avaliada de forma cualificada.

b.- Actualmente a práctica da actividade física e o deporte constitúese como un dos fenómenos sociais de maior transcendencia que debe formularse como un medio para mellorar a calidade de vida dos cidadáns/ás, contribuíndo a mellorar a comunicación e a fomentar o entendemento entre as culturas.

c. - Revalorización definitiva dos aspectos educativos en relación ao deporte. Consolidación da área formativa de "educación física".

En relación á actuación transversal na sociedade:

a. - Todos os indicativos apuntan á necesidade de iniciar unha nova tendencia cara ao crecemento dos hábitos saudables de práctica de actividade física e deporte co obxectivo de consolidar unha vinculación universal da sociedade.

b.- O deporte representa para a sociedade actual un excelente instrumento de cohesión social, así como unha actividade que supera o marco estritamente deportivo, polo cal debe estar en condicións de asimilar o novo escenario do deporte e a actividade física na sociedade, destacando de forma principal as funcións que cumpre nos ámbitos social, educativo, e cultural.

En relación ao financiamento que demanda este novo escenario da actividade física e o deporte:

Incremento de recursos económicos neste sector producidos baseándose en:

a. - É importantísimo reorientar o obxecto de gasto cara a actuacións transversais. A actuación económica en relación a este novo liderado non esta enmarcado no ámbito exclusivamente deportivo, neste sentido todas as áreas de actuación social básica deben de formularse esta actuación transversal, sería importante consolidar

un porcentaje del actual volumen de gasto de áreas como educación, sanidade e infraestruturas en programas de actuación cara á actividade física e o deporte.

b.- Tendencia a favorecer o gasto efectivo. Neste sentido débese buscar a consolidación de proxectos a medio e longo prazo. Son numerosos os estudos que avalían o impacto de aforro de custos en sectores como poden ser o gasto sanitario ou o custo socio-laboral.

c. - Desenvolvemento de actuacións que incentiven a vinculación de recursos económicos do sector privado (novo espazo investidor) como tendencia de consolidación do sector económico do deporte.

d. - Maior participación do usuario nos niveis de financiamento dos servizos tendo en conta aspectos de equilibrio social.

En relación ás estruturas e as ferramentas de xestión:

De forma xeral debemos coincidir que o ámbito deportivo debe de saír do marco de referencia tradicional. As estruturas que soportan actualmente o desenvolvemento do deporte deben experimentar un cambio moi importante de cara a poder adaptarse ás demandas estratéxicas para o futuro, para o cal, será imprescindible poder xerar os seguintes cambios:

a. - Necesidade de cambio nas organizacións que lideran o sistema deportivo galego modernizando urxentemente os seus obxectivos e estruturas de cara a camiñar paralelamente ao desenvolvemento socio-económico e profesional do deporte.

b.- Consolidación dun marco de vinculación do sector privado (lucrativo e non lucrativo) no novo escenario de xestión dos medios e recursos do deporte, como complementariedade á actuación da Administración Pública.

c. - Consolidación do ámbito profesional no deporte en relación á necesidade de especialización e definición metódica dun marco profesional de competencias. En la actualidad es necesario un desarrollo reglamentario que debe contemplar los diferentes instrumentos y recursos que hagan posible la mayor integración de los profesionales en los diversos ámbitos deportivos, tanto en su vertiente pública como privada, garantizando la corresponsabilidad en el logro de los fines comunes y en la mejora de los servicios deportivos prestados a la población en todos los ámbitos, garantizando la calidad y seguridad de estas prestaciones deportivas a la población, al tiempo que todos los profesionales del deporte cumplan con sus niveles de competencia para tratar de consolidar el sistema deportivo.

El nuevo escenario en el cual se desenvuelve La actividad física y deportiva afecta a derechos fundamentales de la sociedad como son la educación, la salud, el bienestar social, la calidad de vida, la enseñanza, la dignidad humana y el derecho al libre desarrollo de la personalidad, y por lo tanto tienen que considerarse razones de interés público que demandan un desarrollo legislativo específico y diferenciado de cara a una regulación profesional del ámbito deportivo, como garantía para el desarrollo de dichos derechos fundamentales, bajo los principios de cualificación, deontología, disciplina profesional, y responsabilidad.

BIBLIOGRAFIA:

- VIII Xornadas sobre Corporacións Locais. "Marco competencial e financiamento do deporte nas Corporacións Locais". FEMP. 1994
- Delgado Lacoba, Carlos. "A Función do Municipio no Deporte. Curso de Xestión Deportiva Castiilla la Mancha. 1997.
- Outeiro Lamas, Jose Angel. "Modelos de actuación en pequenos Municipios. Estratexias e formas de xestión. Curso Xestión Deportiva para pequenos, medianos e grandes Municipios. Castilla a Mancha. 1998.
- Mestre Sancho, J.A. e García Sánchez, E. "A Xestión do Deporte Municipal". INDE 1997.
- Santos Vázquez, Francisco e Montalvo de Lambo, Antonio. "O Asociacionismo Deportivo" Colección Deporte e Municipio. Consello Superior de Deportes. 1995
- Andrés Pérez, Fernando e Delgado Lacoba, Carlos. "Política Deportiva Municipal". Colección Deporte e Municipio. Consello Superior de Deportes. 1995.
- "Manual do Deporte para municipios pequenos e de mediano tamaño". FEMP-CSD. 1996.
- "As políticas deportivas Locales. Evolución e Futuro". FEMP. 1996.
- Campos, Carlos, (2000) "O benchmarking nos centros deportivos e de fitness ". Educación física e deportes. Revista dixital.
- Mestre Arcos, J.C (2000). "Pasado, presente e futuro dos servizos deportivos nas administracións locais" Educación física e deportes. Revista dixital.
- Alonso, J. Ruesga, S. Sáez, F. Vicens, J.: Impacto económico do deporte en España. En: Revista de Investigación e Documentación sobre as Ciencias da Educación Física e o Deporte. Madrid 18 (1991).
- Heinemann, K.: Introducción a ao economía do deporte. Barcelona: Paidotribo 1998.